

# CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

*DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]*

## CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN:

Adequar as respostas ao marco legal vixente.

Fundamentar e desenvolver as diferentes probas con rigor científico e conceptual.

Incluír citas bibliográficas, lexislativas e webgrafía, non de xeito xeral, senón relacionándoas estreitamente co tema ou programa de intervención.

Contextualizar as respostas contemplando a implicación da comunidade educativa.

Demostrar coñecemento de plans, programas e proxectos innovadores para unha educación inclusiva.

Introducir os plans, programas e proxectos propostos polas administracións públicas que conecten co tema ou co programa de intervención.

Establecer canles de colaboración cos servizos e redes de apoio da contorna.

Incluír canles de coordinación e participación cos servizos institucionais das distintas administracións.

Contemplan a orixinalidade, a creatividade e a innovación nas propostas.

Estruturar as respostas de forma coherente, concreta e con claridade expositiva.

Usar axeitadamente a linguaxe propia da especialidade.

Utilizar unha expresión correcta oral e escrita, empregando vocabulario técnico específico.

## CRITERIOS ESPECÍFICOS DAS DISTINTAS PARTES DA PROBA:

### PARTE A: EXPOSICIÓN POR ESCRITO DUN TEMA.

Desenvolver o tema elixido con rigor científico e conceptual.

Estruturar os seus apartados de forma lóxica e clara.

Desenvolver todos os apartados do tema de forma equilibrada e coherente.

Afondar nos contidos amosando actualización, dominio do marco teórico e orixinalidade.

Relacionar de forma axeitada co labor orientador o tema a desenvolver.

Empregar unha linguaxe técnica específica do tema e da función orientadora.

Utilizar unha expresión escrita axeitada, lexible e sen erros ortográficos.

Citar con precisión referencias normativas e diferentes fontes actualizadas de información.

## PARTE B: DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN.

Xustificar a elección do programa de intervención en base ás características do centro, do ámbito de actuación e especialidade do equipo de orientación específico e das persoas destinatarias.

Estruturar e desenvolver, ordenada e coherentemente, o programa específico de intervención.

Utilizar estratexias e medidas coherentes e viables, axustadas aos principios teóricos e á normativa vixente.

Describir a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa e da contorna e dos servizos institucionais.

Desenvolver a exposición oral con fluidez e control do tempo.

Axustarse aos distintos ítems da rúbrica segundo o anexo X da Orde do 5 de decembro de 2022, de xeito proporcional aos contidos do desenvolvemento do programa de intervención.

Responder ás diferentes cuestións que formule o tribunal con concreción e profundidade, axustándose ás indicacións de cada pregunta.